POSIBLES IDEAS PARA
UNA HOMILÍA CON NIÑOS
28 ABRIL 2019

Comungar é tocar o costado de Cristo, (é recibir o seu Corazón).

1. VER: A Pascua

-**Estamos no tempo de Pascua**, un tempo moi alegre, celebramos que Cristo resucitou, que segue connosco, que nos convoca cada domingo a reunirnos como comunidade, que se nos dá nos sacramentos e chámanos a anuncialo a todos.

-Hoxe recordamos a tantas persoas que nos falaron de Xesús e grazas a eles cremos sen velo: pais, avós, catequistas, sacerdotes, crentes…

Que é a Pascua? Por que acendemos o cirio pascual?
A quen lle debes a túa fe?

2. XULGAR: Somos a comunidade dos que cren

-No evanxeo de hoxe cóntasenos o que sucedeu aquel 1º de Pascua:

***O domingo reúnese a comunidade dos primeiros "crentes",** aparéceselle o Resucitado: "Paz convosco". *Falta Tomé.*

*O domingo seguinte volve reunirse, *xa está Tomé.* A comunidade *cóntalle a súa experiencia de fe:* ***"vimos o Señor";*** pero el di: *"se non o vexo, non o creo".*

*A comunidade ***facilita a Tomé o encontro con Xesús,*** para que vexa cos ollos da fe. Así Tomé achégase a Xesús, recobra a fe e di: "Meu Señor e meu e Deus!?" ou sexa, "Señor, creo en ti".

QUE NOS QUERE DICIR?

-Xesús aparéceselles aos apóstolos o domingo: **O domingo* reunímonos os cristiáns, é o día do Señor, o día que Cristo resucitou, o día da eucaristía.

-Os apóstolos reúnense formando unha comunidade: **Os que cremos en Xesús formamos comunidades, nelas avivamos a nosa fe, celebrámola xuntos, compartimos o que temos. En comunidade fortalecemos a fe e o testemuño dos demais axúdanos a recuperala como Tomé e dicir "Meu Señor e meu Deus***". *Nós somos a comunidade* dos *"crentes", os que "vimos o Señor".***

-Os apóstolos reciben unha misión: Dálles a paz, envíaos a anunciar que resucitou, a ser as súas testemuñas e a perdoar os pecados. **A nós envíanos Xesús a ser testemuñas da súa resurrección.*

-Ao comulgar tocamos o costado de Cristo (tocamos o seu Corazón): **Hoxe é o domingo da Misericordia, o domingo que celebramos o gran amor de Deus por nós. Ao comulgar EL énchenos co seu amor, sanda a nosa falta de fe, e dános forza para regalar o amor de Deus a todos*

Como anda a túa fe? Que valoras da túa comunidade?

3. ACTUAR: Vivirei a fe en comunidade!

-**Déixate acompañar na fe pola túa comunidade.** Hoxe seguimos necesitando a comunidade para que: - renaza a nosa fe ao escoitar a Palabra. – nos perdoe a falta de fe, os pecados. – nos alimente a fe na Eucaristía. - verifique a autenticidade da nosa fe. – nos ensines e nos forme ou acompañe na fe. – nos empuxe a vivila en todos os momentos.

-Dialogade como facer que a vosa comunidade sexa máis aberta e acolledora para que outros mozos se sintan a gusto, "palpen e vexan" nela o mesmo Xesús.

-Na consagración di esas palabras de Tomé: ***"Meu Señor e meu Deus!".***

-Ao dar a paz desexa ao outro que a paz de Cristo Resucitado estea sempre no seu corazón.

Que podemos facer? E en comunidade?

A PALABRA

Feitos dos Apóstolos 5, 12-16 ***Crecía o número dos crentes, homes e mulleres, que se adherían ao Señor.***

Salmo 117:

Dade grazas ao Señor porque é bo, porque é eterna a súa misericordia.

Apocalipse, 9-11a. 12-13. 17-19: ***Estaba morto e, xa ves, vivo polos séculos dos séculos.***

XOÁN 20, 19-31: ***Aos oito días, chegou Xesús.***

Narrador: Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

Xesús: -«Paz convosco».

Narrador: E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor. Xesús repetiu:

Xesús: *-«Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu».*

Narrador: E, dito isto, soprou sobre eles e díxolles:

Xesús: - *«Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoedes os pecados, quédanlles perdoados; a quen llos reteñades, quédanlles retidos».*

Narrador: Tomé, un dos Doce, chamado o Xemelgo, non estaba con eles cando veu Xesús. E os outros discípulos dicíanlle:

Discípulos: -*«Vimos o Señor».*

Narrador: Pero el contestoulles:

Tomé: -«Se non vexo *nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creo».*

Narrador: Aos oito días, estaban outra vez dentro os discípulos e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, púxose no medio e dixo:

Xesús: - *«Paz convosco».*

Narrador: Logo díxolle a Tomé:

Xesús: -*«Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente».*

Narrador: Contestou Tomé*: «Meu Señor e meu Deus!».* Xesús díxolle:

Xesús: -«Porque me viches *criches? Benaventurados os que crean sen ver».*

Narrador: Moitos outros signos, que non están escritos neste libro, fixo Xesús á vista dos discípulos. Estes foron escritos para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e para que, crendo, teñades vida no seu nome. **Palabra do Señor**

(Narrador-Xesús-Discípulos-Tomé)